32 33 34 35 36 37 38 39 40 41 42 43 44 45 46 47 48	Especialistas Inglés Inglés Inglés Ed. Musical Ed. Musical Ed. Física Ed. Física P.T. I P.T. II A.L. I A.L. II A.L. III Orientadora I Orientadora II Relixión I Relixión II	Especialistas 01 D. Francisco J. Pernas 02 Pérez D ^a Eva M ^a 03 Fernández Viña D ^a María 04 López López 05 D ^a . Ester Muñiz Míguez 06 D ^a Beatriz García del Río 07 D ^a Marta M ^a Mouzo 08 Casal D ^a . María 09 Quintana Pita D ^a Alba 10 Rodríguez Castro 11 D ^a M ^a del Mar Montes Doel 12 D. David Diéguez Souto 13 D ^a Laura Vidal Bariego 14 D ^a Sergio Puentes Prado 15 D ^a M ^a José Eiras García 16 D ^a María Blanco Campo 17 D. Ana Morandeira Morandeira D ^a .Marta Méndez Vilarinho D ^a .Mar Quintela Abad		Especialistas D. David Diéguez Souto D ^a Sergio Puentes Prado D ^a .Marta Méndez Vilarinho
Dirección:		D^a María Blanco Campo		

5.2.2. Organización das horas non lectivas

As horas non lectivas de permanencia obrigatoria do profesorado no Centro distribúense da forma seguinte:

Mes	16:00 -16:45	16:45- 17:15	17:15 -19:00
1º luns de cada mes	Reunión de Equipos docentes	Reunión de nivel	Atención á pais/nais e traballo persoal.
2º luns de cada mes	Reunións ciclos	Reunión de nivel	Atención á pais/nais e traballo persoal.
3º luns de cada mes	Reunión CCP	Reunión de nivel	Atención á pais/nais e traballo persoal.
4º luns de cada mes	Reunión Equipos	Reunión de nivel	Atención á pais/nais e traballo persoal

Nos quintos luns, se os houbera, acórdase facer as reunións non celebradas en caso de coincidir con días festivos. De non darse dita circunstancia celebrarase reunión de ciclo/nivel.

Coincidindo coas reunións de ciclo celebrarase unha reunión informativa previa do claustro ás 16.00 horas na sala de profesores/as.

A presenza do profesorado para facer as horas de permanencia fixa vén regulada pola nova xornada escolar do profesorado no centro, e será os luns polas tardes segundo acordo do Consello Escolar do Colexio e autorizada pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Todos os demais días lectivos da semana.

De martes a venres, dous/dúas profesores/as, en quendas organizadas pola xefatura de estudos, permanecerá no centro de 16 a 18:00 horas da tarde para supervisar as actividades extraescolares e atender o funcionamento da Biblioteca do Centro.

5.2.3. Formación de equipos docentes e dinamizacións

EQUIPO DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

PROFESORES/AS	CURSO	PROFESORES/AS	CURSO
Loli Arjomil Soto (E.D.L.)	4 B		
María Martínez Mosquera (TIC)	4A	Inma Villamor García (Convivencia)	Apoio I
María Barrero Amor (Biblioteca)	5A	Estela Freire Aldao (Biblioteca)	Apoio II
Belén Vigo Carballeira (E.D.L.)	5 B	Mª José Eiras García	A.L
Mª José López Prego (Biblioteca)	5 C		
María Cristina Parrado Rodríguez (E.A.C.E)	3B		
Mª Luisa Piñeiro Parra (E.A.C.E)	3A		
Laura Antón Vilariño/Laura Otero (Biblioteca)	3C		
Inma Villamor García		Coordinadora	

EQUIPO DOS 1º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA

PROFESORES/AS	CURSO	PROFESORES/AS	CURSO
Graciela Suárez Losada (TIC)	2ºA	Pilar Rama (E.D.L.)	1º C
Coral Ordóñez Ferreiro (Biblioteca)	2º B	Eva Mª Fernández Viña (E.A.C.E)	F.I
Gemma García Criado (Convivencia)	2º C	Alba Rodríguez Castro (E.D.L.)	E.F
Emilia Vázquez Rodríguez (1º A	Laura Vidal Bariego (Convivencia)	A.L
Eugenio José Fontal Alonso (Biblioteca)	1ºB		
Beatriz Garcia del Río (TIC)	E.M		
Alba Rodríguez Castro		Coordinadora	

EQUIPO DOS 2º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA

PROFESORES/AS	CURSO	PROFESORES/AS	CURSO
Cecilia Meléndrez Fassbender (TIC)	4º A	Irma de la Iglesia Miser (EACE)	3º C
Aida Quiroga Fraga (Biblioteca)	4º B	Marta Mouzo Casal (TIC)	E.F
Amparo Friáns Prego (E.D.L.)	4º C	María López López(Biblioteca)	F.I
Raquel Julián Molina (Biblioteca)	3º A	Marta Méndez Vilariño (EACE)	R.C
Mª Luz Castelo Espiñeira (E.D.L.)	3ºB	Ana Morandeira Morandeira (Convivencia)	PT
		Sergio Puentes Prado (Convivencia)	AL
Mªde los Ojos Grandes López López		Coordinadora	

EQUIPO DOS 3º CICLO EDUCACIÓN PRIMARIA

PROFESORES/AS	CURSO	PROFESORES/AS	CURSO
Dolores Orellán Valiño (E.A.C.E)	5º A	Mª Carmen Iglesias Barbazán (E.D.L.)	6º C
Elena Gómez Álvarez (TIC)	6º B	Francisco J. Pernas Prieto (TIC)	F.I.
Pilar Sabucedo (Biblioteca)	5º B	Ester Muñiz Míguez (Biblioteca)	F.I
Carlos Vigo Lamas	5ºC	María Quintana Pita (E.D.L.G.)	E.F.
Manuel Villar Paniagua (E.D.L.)	6ºA	Mar Montes Doel (Convivencia)	P.T
Mª Teresa Barros Castro (TIC)	6ºD		
Mª Carmen Iglesias Barbazán		Coordinadora / Representante	

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA

PROFESORES/AS	CURSO	PROFESORES/AS	CURSO
Loli Arjomil Soto	EI- 4B	Pilar Rama Martínez	1ºC
Alba Rodríguez Castro	E.F	Belén Vigo Carballeira	EI-
Mª Carmen Iglesias Barbazán	6ºC	María Quintana Pita	5B
Manuel Villar Paniagua	6ºA	Amparo Friáns Prego	E.F
			4ºC
María Quintana Pita		Coordinadora	

EQUIPO DE ACT. COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

PROFESORES/AS	CURSO	PROFESORES/AS	CURSO
Eva Fernández Viña	F.I	Mª Cristina Parrado Rodríguez	3B
Malú Piñeiro Parra	EI 4 A	Emilia Vázquez Rodríguez	1ºA
Mª Irma de la Iglesia Míser	3ºC	Marta Méndez Vilariño	RE
Mª Luz Castelo Espiñeira	3ºB		
Dolores Orellán Valiño	5ºA		
Mª Cristina Parrado Rodríguez		Dinamizador/a	

PROXECTO LECTOR– (Lugar de reunión : BIBLIOTECA)

PROFESORES/AS	CURSO	PROFESORES/AS	CURSO
Estela Freire Aldao	Apoio	Eugenio José Fontal Alonso	1ºB
María Barrero Amor	EI 5 A	Coral Ordóñez Ferreiro	2ºB
Majo López Prego	EI 5 C	Mª de los Ojos Grandes López López	F.I
Aida Quiroga Fraga	4ºB	Laura Antón Vilariño	EI 3A
Raquel Julián Molina	3ºA	Ester Muñiz Míguez	F.I
Pilar Sabucedo Pérez	5ºB		
Raquel Julián Molina	Dinamizador/a		

PLAN T.I.C.

PROFESORES/AS	CURSO	PROFESORES/AS	CURSO
Graciela Suárez Losada	2ºA	Francisco J. Pernas Prieto	L.I
María Martínez Mosquera	EI 4 A	David Diéguez Souto	OR
Elena Gómez Álvarez	6ºB	Marta Mouzo Casal	E.F
Maite Barros Castro	6ºD	Beatriz García del Río	E.M
Cecilia Meléndrez Fassbender	4ºA		
David Diéguez Souto	Dinamizador/a		

PLAN DE CONVIVENCIA

PROFESORES/AS	CURSO	PROFESORES/AS	CURSO
Mª José Eiras García	AL	Gemma García Criado	2ºC
Sergio Puentes Prado	AL	Inma Villamor García	Apoio
Laura Vidal Bariego	AL	María Blanco Campo	Orientadora
Mar Montes Doel	PT	Carlos Vigo Lamas	5ºC
Ana Morandeira Morandeira	PT		
Sergio Puentes Prado		Dinamizador/a	

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN – (Lugar de reunión : “ Aula de Informática”)

COMPOÑENTES	REPRESENTACIÓN
Ester Muñiz Míguez	Xefa de Estudos
Inma Villamor García	Coordinadora do 2º ciclo de E. Infantil
Alba Rodríguez Castro	Coordinadora do 1º ciclo
Mª de los Ojos Grandes López	Coordinadora do 2º ciclo
Mª Carmen Iglesias Barbazán	Coordinadora do 3º ciclo
Laura Vidal Bariego	A.L
Mª José Eiras García	A.L
Sergio Puentes Prados	A.L
Mar Montes Doel	P.T
Ana Morandeira Morandeira	P.T
David Diéguez Souto	Orientador
María Blanco Campo	Xefa do Departamento de Orientación/Directora

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA– (Lugar de reunión : Sala profesores)

COMPOÑENTES	REPRESENTACIÓN
María Blanco Campo	Directora e Xefa do Departamento de Orientación
Ester Muñiz Míguez	Xefa de Estudos
Inmaculada Villamor García	Coordinadora do 2º ciclo de E. Infantil
Alba Rodríguez Castro	Coordinadora do 1º ciclo
Mª de los Ojos Grandes López	Coordinadora do 2º ciclo
Mª Carmen Iglesias Barbazán	Coordinadora 3º ciclo
María Quintana Pita	Coordinadora do equipo de E.D.L.G
Raquel Mª Julián Molina	Dinamizadora biblioteca
Laura Vidal Bariego	A.L
Mª José Eiras García	A.L
Sergio Puentes Prados	A.L. e Secretario
Mar Montes Doel	P.T
Ana Morandeira Morandeira	PT
David Diéguez Souto	Orientador

5.3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

5.3.1. EQUIPOS DE CICLO

5.3.1.1 EDUCACIÓN INFANTIL

Obxectivos:

Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo, formándose unha imaxe positiva de si mesmos e valorando a súa identidade sexual, as súas capacidades e limitacións de acción e expresión, e adquirindo hábitos básicos de saúde e benestar.

Actuar de forma cada vez máis autónoma nas súas actividades habituais, adquirindo progresivamente seguridade afectiva e emocional, e desenvolvendo as súas capacidades de confianza en si mesmos.

Establecer relacións sociais nun ámbito cada vez máis amplo.

Establecer vínculos fluídos de relación cos adultos e cos seus iguais, respondendo aos sentimentos de afecto, respectando a diversidade e desenvolvendo actitudes de axuda e colaboración.

Observar e explorar o contorno inmediato cunha actitude de curiosidade e coidado, identificando as características e propiedades máis significativas dos elementos que o conforman e algunha das relacións que se establecen entre eles.

Representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados e expresalos mediante as posibilidades simbólicas que ofrecen o xogo e outras formas de representación e expresión.

Utilizar as linguaxes de forma axustada ás diferentes situacións de comunicación habituais para comprender e ser comprendidos polos outros, expresar as súas ideas, sentimentos, experiencias e desexos, avanzar na construción de significados, regular a propia conduta e influír na dos demais.

Enriquecer e diversificar as súas posibilidades expresivas mediante a utilización dos recursos e medios ao seu alcance, así como apreciar diferentes manifestacións artísticas propias da súa idade.

Potenciar e fomentar o gusto pola lectura tal e como recolle o Proxecto Lingüístico do Centro, no 2º ciclo de E. Infantil, empregaranse ao longo da xornada escolar as dúas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Optimizar os recursos dos que dispón o Ciclo de E. Infantil, tanto de espazos como de materiais.

Buscar a participación das familias en diferentes actividades ao longo do curso.

Traballar pola adquisición de hábitos hixiénicos, de orde e rutinas.

Iniciar ao alumnado en habilidades lóxico- matemáticas- científicas fomentando a observación, manipulación e experimentación.

Contribuir ó achegamento á Competencia Dixital na vida cotiá da aula e do centro.

Participar nas actividades que se propoñan dende os diferentes equipos que se celebren ao longo do curso.

Sinalar que se adoptarán medidas de atención ao alumnado con NEAE, de acordo co Departamento de Orientación do Centro, así como coas especialistas de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica.

Para a consecución destes obxectivos teremos sempre en conta:

- Partir sempre do alumno-a e da súa realidade próxima.
- Respectar ó neno-a como ser único e orixinal.
- Conseguir o desenvolvemento harmónico da personalidade dos cativos/as.
- Procurar que todos e cada un dos nenos/as teñan o seu lugar no grupo.
- Asegurar aprendizaxes significativas.
- Respectar a diversidade dentro da aula.

Actividades dos diferentes Plans

- **Plan de actividades físicas e deportivas e hábitos saudables**

- ❖ Fomentarase durante este curso o desenvolvemento harmónico e integral do corpo a través de:

- Realización dunha sesión semanal de psicomotricidade por cada aula no ximnasio.
- Diferentes xogos nas horas de recreo (xogos con aros, cordas, pelotas...)

- ❖ Intentarase crear hábitos saudables a través de :

- Merendiñas saudables: luns- lácteos, martes-bocadillo, mércores- cereais, xoves-froita e venres libre, tratando de evitar doces industriais.
- Normas hixiénicas, de orde e rutinas.

- **Plan dixital**

- Xogos educativos a través da pizarra dixital.
- Disfrutaremos de diferentes contos, conceptos lóxico-matemáticos e de lecto-escritura a través da mesa de luces.
- Biblioteca creativa con actividades de robótica.
- Elaboración de presentación dixitais en conmemoracións.

- **Plan de biblioteca**

- Intentarase introducir as familias nun ambiente de lectura a través das mochilas viaxeiras que saen a casa cada semana durante todo o curso.
- Fomentarase o hábito da lectura a partir de diferentes contos, a partir dos cales desenvolveranse actividades relacionadas coa lecto-escritura, lóxico-matemática, dramatización, actividades plásticas...
- Traballaremos o proxecto de investigación de centro o longo do curso onde as familias poderán aportar materiais e información.

- **Plan de lectura**

-Intentarase fomentar a lectura entre a comunidade educativa, mediante actividades lúdicas a partir de contos en galego , en castelán e en inglés.

-Propoñer encontros con autores e ilustradores no salón de actos ou na biblioteca.

Compoñentes : Ver apartado 5.2.3 c) Calendario de reunión

Todos os segundos e cuartos luns de cada mes en horario de 16:00h a 16:45h.

De coincidir dito día con festivo ou en día de vacacións, celebrarase a reunión outro luns segundo dispoñibilidade horaria.

5.3.1.2. 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

COMPOÑENTES

- Emilia Vázquez Rodríguez – titora de 1ºA.
- Eugenio José Fontal Alonso – titor de 1ºB.
- Pilar Rama – titora de 1ºC.
- Graciela Suárez Losada – titora de 2ºA.
- Mª del Coral Ordóñez Ferro – titora de 2ºB.
- Gemma García Criado – titora de 2ºC.
- Eva Mª Fernández Viña – mestra de Lingua Estranxeira: Inglés.
- Laura Vidal Bariego – mestra de Audición e Linguaxe.
- Alba Rodríguez Castro – mestra de Educación Física (coordinadora).

OBXECTIVOS

- Elaborar das programacións de nivel.
- Manter reunións periódicas co profesorado de PT e AL para coordinar o traballo a desenvolver co alumnado con NEAE.
- Realizar reunións de nivel para coordinar o desenvolvemento da actividade docente.
- Mellorar a coordinación entre equipos/departamentos docentes a través do intercambio de información do tratado nas reunións dos distintos grupos.

- Contribuír á formación integral do alumnado mediante o fomento de hábitos tales como puntualidade, atención, respecto á institución escolar (mestres/as, compañeiros/as, edificio).
- Inculcar ó alumnado a responsabilidade sobre os dereitos e deberes propios e dos demais.
- Crear hábitos de limpeza, tanto na súa persoa como no material que empregan.
- Fomentar a animación á lectura.
- Fomentar a comunicación coas familias, empregando as vías de comunicación proporcionadas pola Xunta de Galicia.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS

O primeiro ciclo da Educación Primaria (1º e 2º niveis) participarán nas actividades propostas polos distintos equipos docentes organizadas ao longo do curso escolar.

Ademais, como actividades complementarias propias do ciclo están xa programadas:

No 1º nivel:

- Visita pola cidade (1º trimestre).
- Visita ao tren (2º trimestre).
- Visita a unha granxaescola (3º trimestre).

No 2º nivel:

- Visita “Os tesouros de María Pita”.
- Visita a fábrica de patatas fritas “Bonilla”.
- Visita a granxaescola “Belelle”.
- Realización dun taller de bichos no centro.

A maiores, poderanse incluír outras actividades complementarias que vaian xurdindo e sexan de interese docente, salientando as posibles ofertadas polo concello.

A) CALENDARIO DE REUNIÓNS

As reunións do equipo de 1º ciclo levaranse a cabo todos os segundos e cuartos luns de cada mes en horario de 16:00 a 17:00 horas.

En caso de que algún destes días coincida non lectivo recuperarase o quinto luns do mes (en caso de existir) ou outro luns en función da dispoñibilidade horaria.

5.3.1.3. 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MEMBROS

O equipo de mestres do segundo ciclo de educación primaria é o seguinte:

4ºA: Cecilia Meléndrez Fassbender

4ºB: Aida Quiroga Fraga

4ºC: Amparo Friáns Prego

3ºA: Raquel Julián Molina

3ºB: Mª Luz Castelo Espiñeira

3ºC: Irma de la Iglesia Miser

Inglés: María de los Ojos Grandes López López

E.F: Marta Mouzo Casal

Audición e Linguaxe: Sergio Puentes Prados

PT: Ana Morandeira Morandeira

Relixión: Marta Méndez Vilariño

OBXECTIVOS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER:

- Creación da listaxe de material para uso do alumnado e profesorado.
- Reunións periódicas cos especialistas de PT e AL para coordinar o traballo a desenvolver co alumnado con ACNEAE, e facilitar aos titores a programación trimestral para eses alumnos.
- Seguir mantendo a coordinación entre os niveis e os equipos de traballo do centro, a través do intercambio de información do tratado nas reunións dos distintos grupos unificando criterios e garantir a coherencia nos procesos de aprendizaxe.
- Potenciar o hábito lector, tanto colectiva como individualmente, a través da recomendación de libros e encontros con escritores e ilustradores así como a posta en marcha dos "Itinerarios lectores.
- Traballar a oralidade.
- Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo, valorando o esforzo para a consolidación das aprendizaxes.
- Crear no alumno hábitos de orde, limpeza e respecto, tanto ao material do centro como ao seu propio, fomentando a orde e a boa presentación nos traballos diarios.

- Continuar traballando a mellora dos hábitos de comportamento, no referente a: puntualidade, orden nas entradas e saídas ao centro, incidindo no acompañamento do alumnado ata a porta de entrada e aos patios nas baixadas ao recreo. Fomentando no alumnado actitudes de tolerancia e respecto.
- Traballar no alumnado a adquisición de habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos.
- Participación nas celebracións organizadas a nivel de centro.
- Informar as familias dos resultados das probas de avaliación.
- Facilitar o acceso ás TIC por parte de todo o alumnado, así como o emprego voluntario da aula virtual; pódese utilizar a aula de informática, cando estea dispoñible, elaborando o calendario pertinente.
- Potenciar a utilización da Lingua Galega .
- Fomentar hábitos co alumnado que contribúan a unha vida saudable.

CALENDARIO DE REUNIÓNS

Para as distintas tarefas de coordinación, os integrantes deste ciclo reuniránse segundos e cuartos luns de cada mes, en horario de 16:00 a 16:45 na tutoría. De coincidir dito día en festivo ou en día de vacacións, terán lugar outro luns segundo dispoñibilidade horaria.

5.3.1.4 EQUIPO DE 3º CICLO DE PRIMARIA

1. Composición do equipo

PROFESORES/AS-TITORES/AS	CURSO	PROFESORES/AS	CURSO
Manuel Paniagua Villar	6ºA	Francisco J. Pernas Prieto	Inglés 5º/6º
Elena Gómez Álvarez	6ºB	María Quintana Pita	E.F.
Mª Carmen Iglesias Barbazán	6ºC	Ester Muñíz Míguez	Inglés
Teresa Barros Castro	6ºD	Mª del Mar Montes Doel	P.T.
Dolores Orellán Valiño	5ºA		
Pilar Sabucedo Pérez	5ºB		
Carlos Vigo Lamas	5ºC		
Coordinadora : Mª Carmen Iglesias Barbazán			

2. Calendarios de reunións

As reunións de 5º e 6º celebraranse ossegundos/cuartos luns de mes ás 16.00 h na aula de 6ºC

3. Obxectivos para o curso 2023-2024

- Desenvolver no alumnado actitudes de tolerancia, respecto e autoestima.
- Inculcar no alumnado a responsabilidade sobre os dereitos e os deberes propios e dos demais.
- Continuar traballando na mellora dos hábitos de comportamento (puntualidade en entradas e saídas, saúdos...)
- Manter a orde nos desprazamentos polo centro.
- Potenciar o coidado e a limpeza do centro como lugar propio de convivencia.
- Avanzar na aplicación de normas de convivencia contempladas nas NOFC e mediar en caso de conflito)
- Mellorar a coordinación cos equipos docentes a través de intercambio de información do tratado nas reunións dos distintos grupos.

. Coordinación co DO e cos especialista en PT e AL no traballo, avaliación e seguimento dos alumnos comúns.

•Temporalizar, na medida do posible, a participación nas actividades propostas polos distintos equipos e coordinar a súa posta en práctica.

.Participar nas celebracións xerais do Centro (Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas...)

• Tentar levar a cabo a maior coordinación posible en cada nivel, en aspectos como avaliación, programación de actividades complementarias, celebracións, desenvolvemento da PDI do Centro etc.

.Participar conxuntamente nas sesións de avaliación dos alumnos.

.Recoller na PXA a maior parte das actividades complementarias que se tentarán realizar durante este curso. Algunhas destas actividades son:

-5º nivel: Actividades do Concello (Solicitadas: Multa ou flor, Espías no tempo)

-Visita ao Muncyt (“Metodo científico”)

- Symphony. Una experiencia musical

-Axente titor.

-6º nivel: Actividades do Concello (Solicitadas: visita á Torre de Hércules, Visita ao museo Belas Artes)

-Sede Afundación: Exposición de fotografía (“Emocións en perigo”)

- Talleres de igualdade e inclusion.

- Axente titor.

- Participación no Proxecto “ La Voz de la Escuela”

-Visita ao IES (Preparando o paso á ESO)

-Saída fin de curso.

A estas actividades iranse engadindo aquelas que vaian xurdindo ao longo do curso e que resulten interesantes para os/as alumnos/as.

5.3.2.COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

OBXECTIVOS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER:

1.- Elaboración da concreción da programación para a PXA.

2.- Elaboración das programacións de nivel.

- 3.- Propostas para a Concreción Curricular e promover a coherencia entre PE, CC e PXA.
- 4.- Establecer as directrices xerais para elaborar os proxectos e programas previstos para este curso.
- 5.- Reunións semanais de nivel para coordinar o desenvolvemento da actividade docente e propoñer ao claustro as avaliacións internas da práctica docente contempladas nas concrecións curriculares de centro e colaborar co equipo directivo no Plan de Mellora Anual.
- 6.- Canalizar as necesidades de formación do profesorado de cara a súa formación permanente.
- 7.-Propoñer ao Claustro as sesión de avaliación, calificación e promoción.
- 8.- Promover o uso e coñecemento das plataformas dixitais educativas.
- 9.- Participación nas celebracións organizadas a nivel de centro.
- 10.- Establecer criterios común sobre metodoloxía e criterios pedagóxicos.
- 11.- Facer cantas propostas se considere necesario ao Equipo Directivo.
- 12.- Continuar traballando en prol da lingua galega.
- 13.- Rexistrar na PXA a maior parte de actividades complementarias que se van a levar durante o curso.

CALENDARIO DE REUNIÓN

Para as distintas tarefas de coordinación, os integrantes deste ciclo reuniránse segundos e cuartos luns de cada mes, en horario de 16:00 a 16:45 na tutoría. De coincidir dito día en festivo ou en día de vacacións, terán lugar outro luns segundo dispoñibilidade horaria.

CALENDARIO DAS REUNIÓNS DE AVALIACIÓN

INICIAL

Luns, 18 de outubro e 23 de outubro.

PRIMEIRA

Luns, 11 de decembro

- 16:00- 16:45 : 1º E.P
- 16:45- 17:30: 2º E.P
- 17:30- 18:15: Infantil 5 anos

Luns 18, de decembro

- 16:00-16:30: 3º EP
- 16:30- 17:00: 4º EP
- 17:00- 17:45 :5º EP
- 17:45- 18:15: 6º EP

SEGUNDA

Luns, 11 de marzo

- 16:00- 16:45 : Infantil 5 anos
- 16:45- 17:30: 1º E.P
- 17:30- 18:15: 2º E:P

Luns, 18 de marzo

- 16:00-16:30: 6º EP
- 16:30- 17:15: 5º EP
- 17:15- 17:45 :4º EP
- 17:45- 18:15: 3º EP

TERCEIRA E FINAL

Martes, 25

- 9:30-10:15: 3ºEP
- 10:15-11:00: 4ºEP
- 11:00-11:45: 5ºEP
- 11:45- 12:30: 6º EP

Mércores, 26

- 9:30-10:15: 2ºEP
- 10:15-11:00: 5 anos Infantil
- 11:00-11:45: 1ºEP

5.3.3 .Equipo de normalización e dinamización lingüística

a) OBXECTIVOS:

1. Fomentar unha actitude positiva e respetuosa cara o uso da lingua galega.
2. Utilizar a lingua galega en todos os actos oficiais e celebracións no Centro, tanto sexan de carácter académico coma de lecer.
3. Continuar co fomento da lectura de libros en galego e dar a coñecer as novidades editoriais en colaboración coa Biblioteca do Centro.
4. Favorecer o coñecemento dos autores en Lingua Galega promovendo os encontros deles co alumnado en colaboración coa Biblioteca do Centro.
5. Manter e fomentar as tradicións de orixe galego como Samaín, Magosto, Entroido....
6. Potenciar a creación literaria e a transmisión idiomática en galego á comunidade educativa.
7. Empregar os traballos de aula para a dinamización da revista escolar «Ensenada» entre a comunidade escolar.
8. Potenciar as actividades artísticas en Lingua Galega.
9. Informar ao profesorado e ás familias sobre calquera novidades normativa sobre o uso da Lingua Galega.
10. Organizar, en colaboración cos demais equipos docentes, as actividades propias das festas tradicionais.
11. Dar a coñecer a toda a comunidade escolar o autor homenaxeado nas Letras Galegas 2024.
12. Organizar e coordinar as actividades a celebrar na semana das Letras Galegas.
13. Difundir e traballar a unidade didáctica e biográfica sobre o autor homenaxeado nas Letras Galegas 2024 para a aplicación do alumnado e uso dos titores/as nas aulas.

b) PLAN DE TRABALLO E CONMEMORACIÓNS:

O plan de traballo e as conmemoracións son as seguintes:

1º TRIMESTRE:

- Do 30 de outubro ao 3 de novembro: Exposición de Samaín e Magosto.
- Nadal: XII Concurso Literario de inverno: Poesía.

2º TRIMESTRE:

- 23 de febreiro: Día de Rosalía de Castro.
- Do 4 ao 8 de marzo: Semana da Prensa. Confección da revista escolar “Ensenada”.
- 1 de Abril: Mención do Día das Artes Galegas adicado a Francisco Asorey.

3º TRIMESTRE:

- Do 13 ao 16 de maio: Semana das Letras Galegas.
- 16 de maio: Festival das Letras galegas

A maiores colaboraremos, de ser posible, en todas as actividades propostas polo resto dos equipos do Centro.

Seguiremos promovendo as actividades transversais do equipo: “Os venres en galego” “Saúdemonos cada día con Breo e Rosalía” e o Reto “Dígocho Eu”, coas que se pretende a mellora da competencia lingüística en galego na vida cotiá das nosas aulas dada a problemática do emprego da lingua no noso Centro a través de actividades varias que vaian axudadas pola nosa mascota, Breo e a súa colaboradora Rosalía, e o alumnado do seu equipo.

Este curso tamén promovemos unha “revista Ensenada viva”, na que se poidan aportar contidos ao longo en calquera momento e retomamos a elaboración do “Lipdub” para conmemorar o 125 aniversario do Centro.

Como novidade iniciaremos un “Taller tradicional” en tempos de recreo, así como actividades esporádicas de corredores que fomenten o coñecemento e uso da nosa lígua.

C) CALENDARIO DE REUNIÓN.S.

Todos os primeiros luns de cada mes, en horario de 16 a 17 horas. De coincidir dito día en festivo ou en día de vacacións, celebrarase a reunión outro luns segundo dispoñibilidade horaria.

D) COMPOÑENTES DO E.D.L.G. :

PROFESORES	CURSO	PROFESORES	CURSO
Loli Arjomil Soto	El 4anosB	Alba Rodríguez Castro	E.F.
Belén Vigo Carballeira	El 5anosB	Manuel Villar Paniagua	6º

Pilar Rama Martínez	1º	Menchu Iglesias Barbazán	6º
M. Amparo Friáns Prego	4º	María Quintana Pita	E.F.
Coordinadora: María Quintana Pita			

PLAN LINGÜÍSTICO DE CENTRO.

A Planificación lingüística non é mais que a descripción detallada do camiño que deberá percorrer cada centro para acadar os obxectivos que a lexislación lle marca, unha descripción que debe plasmarse nun documento detallado.

O Plan Lingüístico de Centro recóllese expresamente *no Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non Universitario*, así coma a *Instrucción para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio e na Orde 10 de febreiro do 2014*. Nel expoñemos as principais decisións e medidas que se levarán a cabo durante este curso escolar.

O Proxecto Sociolingüístico de Centro é un documento de carácter pedagógico-administrativo, que ten unha función de concretar as actuacións específicas de cada curso e darllas a coñecer ás Administracións educativas.

O presente Plan Lingüístico de Centro enmárcase dentro do Proxecto Sociolingüístico de Centro, e nel recóllese:

1. As linguas que se deben empregar nas áreas, materias...

Educación Infantil: Nesta etapa, como a lingua materna predominante é o castelán, para que o alumnado adquira unha boa competencia en galego, o profesorado utilizará progresivamente á lingua galega para acadar a competencia lingüística dentro dos límites da etapa ou ciclo.

- O obxectivo prioritario é que, ao remate da etapa, o alumnado desenvolva unha boa competencia nas dúas linguas, prestando unha atención prioritaria á adquisición tanto dunha boa competencia oral como as competencias ligadas á lectoescritura, facendo unha transferencia de aprendizaxes paralela.

Podemos empregar actividades do tipo de:

- Utilización da lingua galega como instrumento de comunicación e de expresión de ideas e sentimentos.
- Realización de proxectos na lingua non predominante.
- Uso dos exemplares de lingua galega tanto na biblioteca de aula coma na de Centro .

- Traballo dun amplo número de unidades didácticas e proxectos en lingua galega.
- Emprego do galego cando se traten temas transversais ou datas conmemorativas da nosa cultura.
- Lectura de contos en galego.
- Participación activa nos “Venres en galego”.

Para acadar os obxectivos utilizarase abondoso material didáctico, así como a utilización sistemática das dúas linguas en todas aquelas actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación, e as actividades que realice o centro e non sexan estritamente de aula, como é o caso de celebracións, conmemoracións,.. e calesquera outras actividades de carácter extraescolar.

5.3.4. Equipo de actividades complementarias e extraescolares

a) Obxectivos:

- ✓ O E.A.C.E. seguindo a liña de actuación dos últimos anos elaborará un calendario de celebracións en coordinación con outras actividades programadas polos distintos equipos do centro.
- ✓ Tratarase de non recargar o traballo escolar dos distintos niveis.
- ✓ Continuaremos na liña de facer unha ou dúas celebracións por trimestre, tratando de colaborar e facilitar a convivencia a través destas celebracións que saen da tarefa diaria e permiten unha expresión máis festiva e artística da comunidade escolar.
- ✓ Con motivo da celebración do Día mundial do medio ambiente queremos concienciar no alumnado a importancia de reciclar e de respectar o medio ambiente.
- ✓ Estando en acordo todo o equipo, seleccionamos as seguintes celebracións:
 - 1º Trimestre: Magosto e festival de Nadal.
 - 2º Trimestre: Desfile de Entroido.
 - 3º Trimestre: Maíos e Día mundial do medio ambiente.
- ✓ Colaborarase co resto de equipos en todas aquelas conmemoracións que así o precisen, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega.

b) Calendario de reunións

As reunións terán lugar todos os primeiros luns de cada mes, en horario de 16 a 17 horas. De coincidir dito día en festivo ou en día de vacacións, celebrarase a reunión outro luns segundo dispoñibilidade horaria.

c) Compoñentes do E.A.C.E. :

- ✓ Eva María Fernández Viña.(L.I)
- ✓ Malú Piñeiro Parra (E.I 3 anos A)
- ✓ M^a Irma de la Iglesia Míser (3^oEP)
- ✓ Emilia Rodríguez Campos (1^oA), actualmente no seu lugar Carla del Río Outón.
- ✓ Dolores Orellán Valiño (5^oA), actualmente no seu lugar María Arias Suárez.
- ✓ María Luz Castelo Espiñeira (3^oEP)
- ✓ Cristina Elena Parrado Rodríguez (coordinadora; E.I 3 anos B)

d) Saídas e visitas.

Programación das actividades extraescolares 2022-23

Ciclo	Actividade
E.I 3 anos	Parque de Santa Margarida, Belas Artes, María José Jove, A fundación "Pingüín", biblioteca Durán Loriga, concerto didáctico,saída de fin de curso á granxa "O Ventoso".
E.I 4 anos	Historias de María Pita, Fundación María José Jove,Fundación Abanca, Belas Artes, biblioteca Durán Loriga, concerto didáctico, excursión fin de curso Albergue de Gandarío.
E.I 5 anos	Un museo ao aire libre, , Fundación María José Jove, Biblioteca Durán Loriga, A fundación, concerto didáctico, excursión fin de curso Albergue de Gandarío.
EDUCACIÓN PRIMARIA	
1 ^o EP	Castro de Elviña, Torre de Hércules, Gadisa, Castelo de San Antón. Banda municipal

2ºEP	Tesouros de María Pita e Bonilla. Banda municipal.
3ºEP	Castro de Elviña, bombeiros e Bonilla. Banda municipal
4ºEP	A cidade de María Pita, Bonilla, Domus, Construción de xoguetes, biblioteca Durán Loriga e Vexo vexo. Banda municipal
5ºEP	Multa ou flor e espías no tempo. Taller música tradicional
6ºEP	Museo arqueolóxico Castelo de San Antón e Belas Artes. Taller de gaita.
Para todoS os niveis: todas aquelas outras actividades de interese que poidan xurdir ao longo do curso	

5.3.5. Plan lector

INDICE

- 1. Fundamentación**
- 2. Obxectivos**
- 3. Organización de espazos e tempos para a lectura.**
- 4. Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro.**
- 5. Seccións (bibliotecas de aula ou departamento).**
- 6. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas.**

7. Recursos humanano e itinerarios lectores.
8. Actividades programadas e conmemoracións temporizadas.
9. Ler en familia. Actividades para implicación das familias.
10. Seguimento e avaliación.
11. Normas de uso da biblioteca.
12. Documentos anexos.

O noso Proxecto Lector será referencia para a elaboración do Plan Anual de Lectura (PAL), un documento a curto prazo, que concreta obxectivos e accións para o desenvolvemento do PLC nun curso escolar concreto, e que estará incluído na Programación Xeral Anual do centro.

Neste curso 2023/2024, o noso centro continuará no PLAMBE, facilitándonos a consecución dos obxectivos e das actividades xa planeadas, así como tamén, podendo levar a cabo melloras nos recursos materiais, funxibles, mobiliario, fondos. da nosa biblioteca.

Todo o que nos propoñemos para este curso quedara condicionado polas obras de mellora que se están a realizar no centro e que non rematen ata o segundo trimestre, polo que a apertura da biblioteca e o seu uso estará máis limitado, non podendo acceder a ela tal e como estabamos a facer.

1.- FUNDAMENTACIÓN

Cando nos propoñemos a elaboración deste plan anual de lectura (PAL) pretendemos que teña unha finalidade fundamentalmente práctica, ata o punto de formar parte dun proxecto moito máis ambicioso onde a biblioteca escolar, entendida como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, sexa o eixe vertebrador do noso plan de lectura e que poda ser facilmente posto en práctica no noso Centro.

O PAL arranca coa observación como docentes das necesidades relacionadas coa lectura do noso alumnado:

- Mellorar a expresión oral e escrita do alumnado.
- Ampliar o vocabulario apropiado atendendo as diferentes idades.
- Potenciar a atención e a escoita activa.
- Aumentar a calidade da comprensión lectora.
- Adquirir o gusto pola lectura, fomentándoo dende o centro, moitas veces dun xeito insuficiente, motivado polo exceso dos currículos escolares.

Por todo isto propoñemos unha serie de obxectivos coa intención de captar a atención dos nenos/as sobre o mundo da lectura mediante xogos, actividades e retos axeitados, e variados.

2.- OBXECTIVOS

Poñer en funcionamento os novos espazos da biblioteca e os seus fondos.

1. Poñer en marcha o Proxecto Documental Integrado (PDI)

2. Abrir a biblioteca e normalizar o seu uso o máximo posible dando cabida a diferentes actividades e conmemoracións que o curso pasado quedaron parcialmente anuladas

Ademais pretendemos darlle continuidade ao comezado nos cursos anteriores ampliándoo con ideas novidasas que axuden a integrar a biblioteca na vida cotiá do centro. Para isto propoñémonos os seguintes obxectivos:

A) **Organizativos**: Os que teñen que ver coa biblioteca como espazo onde se localizan

e organizan os recursos documentais do centro:

- Continuar a catalogación co programa Meiga, e as súas utilidades: control de préstamo de libros...
 - Apertura da biblioteca e iniciar o servizo de préstamo.
 - Apertura nos recreos coa organización pertinente dos horarios.
 - Organizar os grupos de axudantes de alumnos e alumnas.
 - Seguir mellorando as instalacións actuais da biblioteca (decoración, carteleira, mobiliario, espazos...)
 - Implicar e manter informada da súa xestión a toda a comunidade escolar e formar aos compañeiros sobre os novos usos.
 - Participar nos cursos de formación propostos para os mestres do equipo de biblioteca.
- Faremos PFPP de robótica
- A) **Pedagóxicos:** É dicir fomento da lectura, acceso, uso e tratamento da información, ou das actividades de aprendizaxe, desde todas as áreas do currículo:
- Mellorar a capacidade lectora do alumnado adquirindo o hábito lector.
 - Favorecer o gusto pola lectura como alternativa de ocio e como recurso para o desenvolvemento intelectual e cultural
 - Hora de ler establecida no horario xeral para todo o centro.
 - Establecer un programa de formación de usuarios de bibliotecas para que aprendan a desenvolverse autonomamente na busca de información
 - Establecer frecuentes utilizacións de recursos bibliotecarios para o traballo cotiá da aula nas áreas impartidas.
 - Itinerarios lectores: cada nivel marcará os libros seleccionados
 - Poñeremos en marcha os clubs de lectura en colaboración cos titores correspondentes
 - **Proxecto Documental Integrado (PDI):** este curso o PDI será a elixir, por votación, entre

arte, cine ouxogos olímpicos; resultando o cine como o máis votado.

A) **Sociais:** Procurar a participación de todos os membros da comunidade educativa, especialmente as familias:

- Informar ás familias da necesidade da lectura e implicalas no proxecto de lectura que se estableza no Centro ou na aula.
- Dinamizar as bibliotecas de aula e de centro a través de actividades atractivas para toda a Comunidade escolar.
- Incluír na PXA a idea da necesidade da lectura, dedicándolle á mesma os recursos materiais e persoais que requira.
- Constitución da nova Comisión de Biblioteca e posterior coordinación coa Biblioteca Durán Loriga

Os obxectivos para Educación Infantil son:

- Expresar sentimentos, desexos e ideas mediante a linguaxe oral.
- Mellorar a atención e a discriminación visual e auditiva.
- Coñecer, respectar e coidar os materiais e instrumentos da linguaxe escrita (libros, contos, revistas...) e aprender a usalos
- Valorar e desfrutar da lectura como fonte de pracer e información.
- Coñecer e respectar as normas da biblioteca.

Os obxectivos para Educación Primaria son:

- Mellorar a expresión oral (oralidade en todas as súas dimensións)
- Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entoación axeitadas
- Comprender distintos tipos de textos adaptados a súa idade
- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.
- Utilizar a lectura comprensiva como ferramenta para obter información de distintas fontes.
- Desenvolver habilidades de lectura crítica e interpretativa.
- Ler dun xeito autónomo e habitualmente.
- Apreciar o valor dos textos literarios e empregar a lectura como fonte de desfrute, información, e enriquecemento persoal.

- Adquirir actitudes emocionais positivas cara o uso da lectura no tempo de ocio.
- Empregar as ferramentas e recursos da Biblioteca escolar, e de aula.
- Establecer, a través da escritura, unha vía de diálogo con outros lectores.
- Participar de forma activa nas actividades propostas dende o centro (concursos, lecturas, dramatizacións, maratóns lectores...)
- Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación como fonte de consulta, información e como medio de expresión.

3. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

A biblioteca do noso centro permanecerá aberta:

- Polas mañás: en horario de 9,00 a 14,00h. dende a apertura ata o 31 de maio, cada titoría poderá acudir no seu horario asignado.
- Polas tardes de martes a venres en horario de 16,00 a 17,00h. Durante este tempo os alumnos poderán realizar estudio cos seus materiais propios ou empregar os recursos da biblio.

3.1 Espazos:

- A biblioteca: como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, e como centro creativo dos mesmos”. Sendo a biblioteca un espazo de traballo, e de lecer para toda a comunidade educativa onde atopar a maioría dos fondos documentais.

Procuramos unha distribución flexible dos espazos (case todo o mobiliario con rodas) para adaptalos ás necesidades que xurdan en cada momento.

Nela poderanse atopar :

- Libros de: ficción, consulta, películas, música, para investigar: utilizando os fondos en papel ou buscas en internet, de forma individual, en grupo pequeno ou en grupo-clase.
- Xogos e recursos materiais: xadrez, xogos de estratexia, de atención e memoria, xogos on-line...
- Recunchos: xeografía, realidade aumentada, robótica, ordenadores, xogos de retos...
- Actividades variadas: encontros con autores, audicións, proxeccións, presentación contacontos, lecturas compartidas (lecturas en voz alta), ...

Ademais a biblioteca permite o acceso a rede

- acceso á información a través do blog Biblioeusebio:
biblioeusebiodaguarda.blogspot.com)
- potenciamos o uso das TICs para a procura de información

- As aulas:

- Cada aula debe contar cunha biblioteca e cunha sección de fondos informativos e de ficción axeitada ao seu nivel curricular.

- Na aula se traballará: a lectura individual, a lectura en voz alta polo profesorado, e o alumnado, a lectura compartida e o préstamo (levando un rexistro cun responsable de biblioteca, lectómetros...)

Así na aula se facilita o seguimento individual e do grupo da competencia lectora.

- Outros espazos do centro:

- O salón de actos, onde espera alumnado de madrugadores e de comedor

- Vestíbulo da escola : coas exposicións temáticas e novidades.

- Biblioteca expandida e pequenos recunchos lectores polos corredores do centro

- O parque como lugar de lectura ocasional (se o tempo o permite) para as “Lecturascompartidas”

- Rellanos das escaleiras como espazos de exposición

- Na casa e Bibliotecas municipais:

Os “libros e mochilas viaxeiras”, as visitas as bibliotecas de referencia do centro e outras visitas coas familias permiten o achegamento a diferentes ambientes lectores cunha forte pegada emocional.

3..2. Tempos

- "Hora de ler" : Xestionados polo profesorado tempos dedicados á lectura na aula. Para elo recoméndase:
 - Creación da biblioteca de aula, con fondos propios da biblioteca escolar, de outras bibliotecas, ou do propio alumnado. No caso de facer préstamo, rexistrárase oportunamente.
 - Creación dun espazo onde se reflicta o lido "(lectómetros", "árbores de lectura", ...
 - Lectura en diversos soportes, e con distintas finalidades: ver películas e documentais, ler folletos e revistas, analizar publicidade, comentar cartas, ...
- Tempo de lecer: Nos recreos (a media mañá e no xantar) , onde se poder ler individualmente ou compartir lecturas. Debe ser un momento supervisado no que se garanta a tranquilidade e o pracer de ler e compartir.
- Lectura en todas as sesións: a lectura debe estar presente en todas as áreas.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL

DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO

Todo o profesorado apoiado polo equipo directivo ten que:

- √ Asumir a lectura como fonte de aprendizaxe, estimuladora do pensamento crítico, e axuda para mellora da comunicación oral e escrita en calquera soporte.
- √ Integrar as actividades de lectura na clase, encamiñándoas á comprensión e á expresión tanto oral coma escrita, independentemente da área tratada.
- √ Implicar ás familias no obxectivo de mellorar a comprensión lectora de seus fillos e fillas, o que implica a difusión deste Plan Lector e do Proxecto Lector do centro, solicitando a súa colaboración.
- √ Participar no deseño secuencial e coordinado por niveis de actividades de comprensión lectora, expresión e investigación que teñan como marco os principios do Proxecto Lector de Centro.
- √ Utilizar e ensinar a utilizar os recursos da biblioteca escolar, participando na actualización dos seus fondos.
- √ Considerar a nosa biblioteca coma un espazo central da vida diaria do centro, tanto para alumnado e familias como para profesorado.

En particular o Equipo de Biblioteca levará a cabo as seguintes tarefas:

- Xestionar os fondos, catalogando e difundindo información sobre todos os recursosdispoñibles (en todo tipo de soportes).
- Formar aos usuarios no uso correcto e eficiente dos recursos.
- Propoñer actividades de dinamización da lectura, a escritura e a investigación.
- Colaborar co profesorado e os distintos equipos docentes proporcionando os recursos máisaxeitados para desenvolver a actividade docente.

5. SECCIÓNS (BIBLIOTECAS DE AULA OU DEPARTAMENTO)

Os fondos documentais do centro, aínda están sendo centralizados e catalogados na aplicaciónMEIGA.

Localízanse en diferentes espazos e departamentos:

5.1 Na biblioteca onde se xestionan todos os fondos tanto para empréstito individual, como para as aulas, departamentos, biblioteca expandida...

5.2. Nas bibliotecas de aula que a través dos titores xestionan os fondos procedentes da biblioteca, creando unha sección documental como apoio ao desenvolvemento do currículo e unrecuncho de lectura na medida do posible (Este ano non se poderá facer en moitas das aulas polas medias de distanciamento)

5.3. No departamento de orientación, aulas de PT e AL, encargarse da solicitude e préstamode fondos específicos para alumnado NEAE de “biblioteca inclusiva”.

5.4. Na” biblioteca expandida” e recunchos informais de lectura (corredores, salón de actos...)

6. RUTINAS DE LECTURA: ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS

6.1. Actividades na hora da biblioteca ou na “Hora de ler.”

Todos os grupos dispoñen dunha hora semanal, reservada na biblioteca, en Educación Primaria e Infantil. Este curso, por motivos da Covid -19 cada grupo rematará 5 minutos antes cada sesión.

Nesa sesión realizaranse:

√ Actividades de préstamo

√ Actividades de iniciación lectora

√ Actividades de formación de usuarios:

- Coñecemento e uso dos espazos
- Organización dos fondos da biblioteca.
- Coñecemento da CDU.
- Normas da biblioteca.

√ Actividades de mantemento da biblioteca para implicarlles afectivamente no coidado dos libros

√ Actividades de investigación e lectura específicas dunha área concreta.

Estas actividades desenvolveranse dentro do espazo da biblioteca e estarán dirixidas conxuntamente polo profesor titor e os membros do equipo de dinamización da biblioteca.

6.2. Actividades de lectura compartida.

Ao longo do curso programaremos actividades que impliquen compartir lecturas, pero sempre respectando os grupos estables de convivencia de clase ou de nivel ao aire libre:

√ “Recoméndame” : Actividade na que cada cativo/a recomenda o seu libro ou conto favorito.

√ “O meu padriño/ A miña madriña”: Apadriñamento lector pola Semana do Libro ou nas Letras Galegas”

√ “Lecturas para todos”: Rapaces/as que len para outros en diferentes recunchos ou

ambientes de lectura dentro do seu espazo estable.

Estas actividades poderán realizarse na titoría, ou na biblioteca na franxa horaria fixada para cada grupo.

7 - RECURSOS HUMANOS (QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA.)

Para levar a cabo todo o previsto inicialmente, precisamos dun equipo de biblioteca e da comunidade educativa en xeral. Será crucial o apoio da dirección do centro e do claustro no seu conxunto. Amais, deberemos contar coa motivación dos nenos por e para a biblioteca e das súas familias.

A nivel de xestión, o noso equipo está composto neste curso 2023/2024 por:

1. María Barrero Amor
2. M^a José López Prego
3. Estela Freire Aldao
4. Aida Quiroga Fraga
5. Eugenio José Fontal Alonso
6. Pilar Sabucedo Pérez
7. Raquel Julián Molina
8. Coral Ordoñez
9. Ester Muñiz
10. María López López

8- ITNERARIOS LECTORES

En cada nivel educativo de Ed. primaria, presentamos unas suxestións de lectura axeitadas que teñen que mercar os alumn@s ou se facilita a través das bibliotecas do centro e de aula.

Este curso a proposta que facemos en coordinación coas titorías aparece no ANEXO 1.

Ademais este curso para o traballo do noso PDI aportaremos desde a biblioteca unha boa selección de libros de consulta e materiais diversos (mapas, miaturas, tarxetas...) así como

páxinas e direccións webs para consulta de todos os niveis atendendo aos países escollidos para traballar.

9- ACTIVIDADES XERAIS PROGRAMADAS PARA ESTE CURSO

√ Continuaremos co rexistro e catalogación dos fondos a través do programa MEIGA.

√ Decoración da biblioteca e recunchos de lectura con motivos suxerentes para os nenos.

√ Exposicións temporais: Ambientar a biblioteca, corredores e recunchos de lectura nas festas tradicionais do Samaín, Nadal, Entroido, día das Letras Galegas, do Libro....

√ Colocación dun taboleiro para informacións múltiples (PIB) nun lugar ben visible, na entrada do centro para comunicar aos usuarios: horario da biblioteca, horario que ten cada grupo ao longo da semana, actividades, novas adquisicións e informacións varias.

√ Fomentar actividades de contacontos, dramatizacións...dentro dos grupos – clase.

√ Recibir aos autores, ilustradores, contacontos, músicos... que nos propoñen as editoriais e outras institucións (este ano de xeito virtual).

√ Seleccionar coleccións de libros cun tema concreto, relacionados con algunha das unidades didácticas nas que se estea traballando e presentalos nas aulas que o soliciten.

√ Continuar inventariando e catalogando os libros das bibliotecas de aula.

√ Realizaremos estatísticas sobre diversos aspectos que nos axuden a coñecer mellor a situación do alumnado con respecto as habilidades

lectoras e a nosa biblioteca, a través de enquisas para profesorado e alumnado (actualización do PL)

√ Elaboraremos e difundiremos guías de lectura.

✓ Posta en marcha do PDI

√ Promoveremos a circulación de lotes prestados periodicamente ás aulas.

√ Mantemento e difusión do noso blogue “Biblioeusebio”:
biblioeusebiodaguarda.blogspot.com

√ Clubs de lectura

√ Selección e adquisición de novos fondos documentais. Novas subscricións a revistas infantís.

Actividades programadas para Educación Infantil.

√ Participar no empréstito de libros.

√ Facer lectura individual e silenciosa na que cada un/unha escolle o conto que máis lle gusta. Esta lectura debe permitir que cada neno/a poida ir ao seu ritmo e explorar o libro da maneira máis satisfactoria para el/ela:

- Saltar páxinas ou ler de maneira ordenada.

- Mirar só as ilustracións, buscar palabras coñecidas...etc.

- Pararse un bo anaco en cada páxina ou pasala rapidamente.

√ Lectura compartida entre dous ou tres nenos e nenas. Non poderemos esixirlles o silencio da lectura individual e silenciosa, pero debemos fomentar que falen en voz baixa. Este tipo de actividade é moi importante porque favorece a interacción e cooperación entre eles/elas.

√ Narración por parte da mestra ou mestre. A lectura en voz alta de textos literarios permite aos nenos/as achegarse a un vocabulario e a unhas expresións literarias que non adoitan ter no seu rexistro cotiá.

√ Narración por parte dun neno ou unha nena dun conto que coñece.

√ Dramatización dun conto. Dende a perspectiva da animación á lectura a dramatización é moi importante porque axuda á comprensión de moitos mecanismos narrativos: o papel das personaxes, o ambiente, a función do narrador e a importancia dos diálogos.

Actividades programadas para Educación Primaria

√ Participar no empréstimo de libros da biblioteca de aula e do centro.

√ Realizar lectura diaria en clase.

√ Lectura ou narración de contos diversificando posibilidades.

√ Lectura ou narracións por parte dos profesores, pero tamén con outros “conta contos”

√ Actividades de expresión oral acerca do conto.

√ Actividades de expresión artística a partir da lectura.

√ Realización dunha edición propia do conto.

√ Elaboración dunha sinxela ficha descritiva do conto, recollendo datos como título, nome dos protagonistas, personaxes, data de lectura, se gustou moito ou pouco.

√ Actividades coa prensa, con anuncios e folletos publicitarios, con receitas de cociña, notas, cartas, programas de actividades...

√ Participar en contacontos e actividades de animación á lectura propostas ao ciclo dentro de cada titoría.

√ Visitas semanais

á biblioteca do

centro. Todo isto

permitirá:

- Aumentar a comprensión lectora e o vocabulario do alumno

- Potenciar o uso da biblioteca de aula.

- Ser capaz de contar unha historia ou expresar a súa idea principal despois de tela escoitado ou lido

- Espertar o interese e o gusto pola lectura a través de distintos tipos de textos (contos, rimas, adiviñas, poemas...)

CONMEMORACIÓNS E ACTUACIÓNS POR TRIMESTRE POR TRIMESTRE

CONMEMORACIÓNS:

1º TRIMESTRE: Día Internacional para a erradicación de la pobreza, obxectivo ODS relacionado coa actividade de expurgo anual. (novembro)

2º TRIMESTRE: Día da narración Oral (marzo)

3º TRIMESTRE: Semana do libro - Día do Libro (abril)

1º TRIMESTRE

- Establecer o PIB (punto de Información da Biblioteca) e dalo a coñecer.
- Buzón de peticións para novos fondos para o profesorado
- Apertura da biblioteca: Anuncialo de distintos xeitos: Carteis informativos, axudantes polas aulas, cartas dos nosos ratiños... aproveitando o Día das escritoras, 18 de outubro.
- Exposición e lecturas do Samaín.
- Guías de recomendacións de libros
- Formación dos usuarios: a todos os grupos acerca da organización, contidos e funcionamento da biblioteca.
- Actualización do blogue da biblioteca: Biblioeusebio
- Establecer as necesidades tecnolóxicas, de mobiliario e de nova distribución dos espazos da biblioteca para comezar a actuar sobre ela.
- Elección do tema do PDI

2º TRIMESTRE

- Visitas virtuais, videoconferencias...de escritores e ilustradores
- Contacontos
- Colaborar no Entroido
- Posta en práctica do PDI: actividades e exposicións nos distintos ciclos.

3º TRIMESTRE

- Visitas virtuais, videoconferencias...de escritores e ilustradores
- Colaborar con actividade e exposición nas Letras Galegas.
- Organizar unha exposición colaborativa cos traballos feitos no PDI

Colaboraremos en todas as actividades que poidamos e aquelas outras que poidan xurdir nodesenvolvemento do PDI.

10- LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.

A implicación das familias na educación dos seus fillos é fundamental, polo que esta cooperación é igualmente importante á hora de potenciar e motivar a formación lectora e informacional do alumnado. É responsabilidade compartida entre o equipo directivo do centro, o equipo da biblioteca e os pais e nais, buscar e promover accións, iniciativas e actividades que reforcen estas aprendizaxes, tanto no fogar como no centro educativo. Dita participación pode plasmarse nos seguintes aspectos:

- a) Xestión da biblioteca: previa formación por parte do equipo da biblioteca os titores poderán orientar aos pais e aconsellarlles sobre libros e outras actividades que estimulen a lectura.
- b) Actividades de dinamización lectora no centro: por exemplo a “hora do conto”, os faladoiros literarios, os clubs de lectura, mochilas viaxeiras, ambientación da biblioteca e outros ambientes lectores...
- c) Fomento da lectura na casa: para acadar o hábito lector nos fillos e

fillas. Isto é posible compartindo con eles momentos de lecturas ou contacontos desde idades temperás, intercambiando información ou comentado as lecturas realizadas, en idades máis avanzadas.

11- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Efectuarase, como calquera outro elemento programado, polo Claustro, como órgano colexiado do Centro. Se ben as persoas máis directamente implicadas serán:

- O equipo directivo
- A persoa encargada da biblioteca
- O equipo de dinamización da biblioteca
- A orientadora/o

Os procedementos a seguir son a contabilidade de empréstitos e a asiduidade das visitas, tanto para lectura de pracer coma para consultas e axuda para o estudo, así como para a utilización das novas tecnoloxías.

Tamén haberá unha análise do alumnado por parte dos titores, que abranguerá aqueles aspectos derivados dunha observación máis próxima e directa nas aulas ou en cada un dos obxectivos conqueridos nas actividades propostas.

A análise dos resultados, en todo o seu conxunto, comprobará ata que punto desenvolvéronse as iniciativas previstas no proxecto e como contribuíron á consecución de mellores lectores e usuarios da biblioteca escolar. Débese analizar o impacto que tiveron nos servizos que ofrece a biblioteca e se cobren mellor as necesidades dos devanditos usuarios.

Esta avaliación terá un carácter continuo, anotándose os datos tras a realización de calquera proba.

Cos datos obtidos asumiranse as modificacións oportunas para os cursos posteriores.

12- NORMAS DE USO DA BIBLIOTECA

Para o correcto e eficaz funcionamento da nosa biblioteca, propoñemos unhas normas básicas de obrigado cumprimento, tanto a nivel organizativo como hixiénico. Serán as seguintes:

NORMAS DE HIXIENE:

- ✓ O recuncho do profesorado só poderá ser usado polo Equipo de biblioteca.
- ✓ Polas tardes, o alumando poderá realizar estudio cos seus propios materiais e poderá usar o resto dos recursos.
- ✓ Abriremos nos recreos e contaremos cos grupos de axudantes.
- ✓ É importante respectar o traballo de todos os usuarios, polo que falarase baixo e moverémonos con calma, a biblioteca é un lugar para ler, escoitar, consultar..., pero non para correr, berrar...
- ✓ Non se poderá comer nin beber.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO:

EMPRÉSTITO

- Cada titoría poderá realizar o empréstito na franxa horaria que ten asignada no seu horario.
- O empréstito será semanal e poderase renovar outro tanto.

- Pódese facer de dous xeitos:

REXISTRO

Haberá un libro de rexistro onde apuntarase cada nivel. Nel se reflexará o empréstito, renovación ou devolución.

DEVOLUCIÓN / RENOVACIÓN

- Terá que realizarse sempre na franxa horaria asignada a cada curso ou no recreo
- No caso de renovar só se poderá por unha semana máis.
- Se non se cumpre o prazo de devolución non se poderá levar outro libro ata que pasen tantos días como os que se retrasou.
- A cada titoría se lle dará unha Caixa para que poida gardar os libros que vaian levando os nenos antes do día da devolución
- Coidarase o material da biblioteca.
- En caso de perdelo ou estragalo haberá que repoñelo mercando un novo e levando para casa unha circular informando do sucedido.

A biblioteca é de todos, por iso debemos respectala e mantela en orde.

13- DOCUMENTOS ANEXOS

- **ANEXO 1: ITINERARIO LECTOR**

5.3.6. Plan TIC

CONTEXTUALIZACIÓN

Na comprensión da realidade e na maneira de comprometerse e participar nela, nas capacidades para construír a propia personalidade e aprender ao longo da vida, na cultura e na convivencia democráticas, entre outros. Este cambio de enfoque require dunha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía, de como este impacto é diferente nas mulleres e os homes e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medioambiente, que se desenvolva tanto na competencia dixital do alumnado como na competencia dixital docente. En consecuencia, faise tomando en consideración o reflectido na Preámbulo da LOMLOE: “O uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá acelerou cambios profundos necesario que o sistema educativo dea resposta a esta realidade social e inclúa un enfoque da competencia dixital máis moderno e amplo, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.”, despréndese aquí a necesidade de establecer un proceso de muda nos nosos alumnos/as e profesores/as de cara a dotar a súa competencia dixital de máis e mellores ferramentas para interactuar coa tecnoloxía. O Equipo TIC supón neste sentido un instrumento máis neste necesario cambio de paradigma que a comunidade educativa ten que adoptar para dar resposta ás necesidades xeradas por esta nova sociedade da información e sentímonos na obriga de apoiar e potenciar este proceso, contando coa supervisión do Equipo Directivo.

En concreto o C.E.I.P. Eusebio da Guarda, é un centro de ensino público situado na cidade de A Coruña fronte á céntrica praza de Pontevedra. A meirande parte do seu alumnado pertence a familias cun nivel socioeconómico medio-alto. Cóntase pois, en moitos ámbitos, cunha boa colaboración e dispoñibilidade por parte dos pais e nais.

Como novidade para este curso escolar as titorías de infantil de tres anos a 4º de primaria, están equipadas cun conxunto multimedia formado polos seguintes elementos:

- Panel interactivo de 75 polgadas, resolución 4K, modelo TafelTech L75EG (Android 11, 4GB RAM, 32GB almacenamento interno).
- Módulo OPS integrado (procesador i5, RAM 16 GB, 256 GB SSD).
- Webcam (MaxHub UC W11).
- Teclado con touchpad sen fíos (Logitech K400 Plus).

E as titorías de 5º e 6º de primaria están equipadas con encerado interactivo e proxector ultra-corto.

Estes equipos veñen a substituír os tradicionais kits de aula dixital compostos por unha pizarra dixital interactiva, un videoproxector, un ordenador de aula e altofalantes, xa que integran completamente as funcionalidades anteriores e supoñen unha mellora significativa das mesmas.

Conectado a estes paneis interactivos cada aula conta cun ordenador portátil ou fixo para uso exclusivo do mestre. Ademais dependendo da aula na que nos atopemos, podemos atopar un número variable de postos informáticos adicionais para uso do alumnado.

Adicionalmente o centro conta cunha aula de informática con 27 postos informáticos. Por outra banda, repartidos polo centro en localizacións estratéxicas contamos con dous armarios con 20 e 14 ordenadores portátiles, así como outro armario con 13 tablets.

COMPOÑENTES

Detállanse a continuación os diferentes membros cos que conta o equipo para atender ás súas funcións:

- David Diéguez Souto (Coordinador) - Orientador
- María Martínez Mosquera - Educación Infantil
- Marta María Mouzo Casal - Educación Física

- Elena Gómez Álvarez - Educación Primaria
- Francisco J. Pernas Prieto - Filoloxía Inglesa
- Cecilia Meléndrez Fassbender - Educación Primaria
- María Graciela Suárez Losada - Educación Primaria
- María Teresa Barros Castro - Educación Primaria

CALENDARIO DE REUNIÓN

Todos os primeiros luns de cada mes, en horario de 16 a 17 horas. De coincidir dito día en festivo ou en día de vacacións, celebrarase a reunión outro luns segundo dispoñibilidade horaria.

OBXECTIVOS

Debemos atender aquí aos obxectivos que a Administración Pública nos encomenda para a dinamización das tecnoloxías da información e comunicación, recollidos na Orde de 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes, que no seu artigo 14 establece:

1. Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
2. Mantemento cotiá dos equipos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte dos mesmos, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
3. Dar soporte, no uso didáctico, do equipamento informático do centro, ao resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
4. Elaborará, a requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o proxecto TIC e a organización

e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.

5. Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.

6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica.

Derivados destes obxectivos, o equipo TIC establece os seguintes obxectivos específicos para atender ás necesidades do centro:

- Continuar co mantemento do inventario do material informático e multimedia do Centro e facilitar/colaborar na instalación de novos equipos.

- Establecer as necesidades materiais do Colexio. Propoñer neste sentido as peticións de material multimedia á Consellería por medio do Equipo Directivo como, por exemplo, cámaras dixitais, material de estimulación multisensorial ou aplicativos educativos de subscripción entre outros.

- Coordinar co Equipo Directivo e os Equipos de Ciclo as diferentes actuacións.

- Continuar coa dinamización e asesorar para, se hai interesados/as, crear Grupos de traballo ou Seminarios co respaldo do CE.FO.RE. Promovendo especialmente os relacionados coa utilización da Aula virtual e o uso dos paneis interactivos (tanto Cursiños telemáticos como Grupos de Traballo presenciais).

- Poñer a pleno funcionamento o Abalar móbil e a Aula virtual do Colexio como ferramenta imprescindible no caso dun posible novo confinamento

- Diseñar, asesorar e implementar estratexias na utilización das TIC na aula.
- Diseñar e aportar contidos á web dinámica do Centro. Cada representante de ciclo será o encargado de subir á páxina web do centro os contidos relacionados co seu ciclo.
- Colaborar co resto de equipos de dinamización nas actividades desenvolvidas ao longo do curso.
- Dinamizar a implementación no centro do Plan Dixital integrando os seus obxectivos cos do Plan TIC.

CONMEMORACIÓNS

Dende o equipo TIC, escollemos coma todos os anos varias xornadas de conmemoración mundial ou nacional para celebrar con todo o centro educativo que no caso do curso 2023-2024 son as seguintes:

- O 10 de novembro no que se celebra o Día da Ciencia.
- O 8 de marzo no que se celebra o Día da Muller.

AVALIACIÓN

Ó remate do curso farase unha avaliación dos obxectivos acadados e as propostas de mellora que se consideren precisas de cara ao vindeiro curso escolar para ser incluídas na Memoria anual do Centro.

5.3.7. Plan de convivencia

A. Compoñentes.

Blanco Campo, María.

Eiras García, María José.

Montes Doel, Mar.

Morandeira Morandeira, Ana.

Puentes Prados, Sergio.

Vidal Bariego, Laura.

Vigo Lamas, Carlos

VillamorGarcía, Inma

B. Xustificación.

O equipo de convivencia ten como finalidade que no centro primen valores como:

- O respecto mutuo
- A resolución pacífica de conflitos
- A convivencia positiva.
- A mediación
- A igualdade
- A tolerancia
- A solidariedade
- Prevención de conflitos, acoso e ciberacoso.

A lexislación de referencia vai ser a Lei 4/11 de convivencia escolar, o Decreto 8/15

ca desenvolve, o Protocolo de prevención de acoso e ciberacoso no ámbito escolar e o Protocolo de abordaxe administrativo de condutas contrarias á convivencia.

C. Obxectivos.

Os obxectivos formulados para o curso 2023/2024 son os seguintes:

- Dar utilidade á aula de atención educativa e convivencia segundo o establecido polas NOF.
- Informar á totalidade da comunidade educativa acerca das faltas leves e graves, así como das medidas correctivas.
- Formar os equipos de mediación para o presente curso escolar.
- Levar a cabo medidas preventivas dende os primeiros niveis das etapas de Educación Infantil e Educación Primaria contra o acoso e o ciberacoso.

D. Proposta de actividades equipo de convivencia

- Entregar ás diferentes titorías do centro información e pautas sobre o respecto coa fin de promover entre o alumnado a importancia deste tema.
- Mercar a través da biblioteca do centro bibliografía que axude a promover o respecto mutuo e a convivencia positiva.
- Propoñer a figura do mediador/a coa fin de axudar a resolver conflitos entre iguais.
- Co motivo da celebración do día das persoas con discapacidade, o 3 de decembro, proporase a realización de actividades que axuden a concienciar e a promover a información sobre este colectivo.
- Propoñer actividades para realizar o Día da Muller, aínda por determinar.
 - Propoñer actividades para o Día contra o acoso Escolar, aínda por determinar.
- Coordinarnos co Concello e cos diferentes programas que oferta dende fundacións, asociacións...
- Dar a conocer a toda a comunidade educativa aspectos relevantes sobre a lexislación pertinente ao equipo de convivencia.

5.3.8. Seccións bilingües

O Centro conta na actualidade con dúas seccións bilingües impartidas en lingua inglesa nas materias de Ed. Artística: Plástica e Ed. Musical. Ambas seccións impártense no 1º ciclo de Primaria. Contamos así mesmo cunha auxiliar de conversa para apoiar a ensina da lingua nas áreas bilingües. Este ano a auxiliar que nos corresponde ten nacionalidade británica.

Mecanismo de seguimento e avaliación da auxiliar de conversa.

O seguimento e avaliación da auxiliar de conversa farase mediante os seguintes canles:

- Control da súa asistencia e puntualidade mediante a certificación trimestral.
- Grado de participación nas clases e de preparación das mesmas.
- Grado de colaboración co profesorado implicados na sección bilingüe na elaboración de materiais na lingua estranxeira.

5.4. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

INTRODUCCIÓN

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro e a Orde 8 de setembro do 2021 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolve e concreta este ámbito educativo. Entre outros aspectos determina os requisitos que debe reunir o Plan Xeral de Atención á Diversidade, para elaborar e desenvolver en cada centro educativo co obxectivo de dar a resposta máis adecuada á súa realidade concreta e á da súa comunidade educativa. No artigo 11, punto 4, establécese que os departamentos de orientación, elaborarán a proposta de concreción anual do PXAD, que debe formar parte da PXA.

A Lei Orgánica 3/2020 para 29 de decembro (LOMLOE) introduce algún cambio respecto da anterior neste ámbito. No Decreto 155/23 polo que se establece o currículo na educación primaria, fai referencia explícita no artigo 15 á necesidade de poñer o énfase na atención á diversidade de todo o alumnado, na atención individualizada, na prevención de dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades. Tamén fai referencia á consideración dos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. Respecto do tratamento ó alumnado con N.E.A.E. enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave de la lingua de aprendizaxe, por estar en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas sus altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Polo demais, mantén os principios de actuación vixentes.

1. CONCEPTOS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E DE ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO.

Atención á diversidade

O conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

2.- MEDIDAS

Prevense aquelas que responden a necesidades concretas existentes no centro na actualidade, sen prexuízo doutras que eventualmente puideran establecerse dentro do marco legal vixente.

Curriculares

Ordinarias

- *Adecuación das programacións didácticas de cada grupo, segundo as conclusións e propostas obtidas da avaliación inicial e a avaliación continua.*
- *Adecuación de la estructura organizativa del centro, y de la organización y la gestión del aula a las características del alumnado.*
- *Metodoloxías basadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos y otras que promuevan la inclusión*
- *Reforzo educativo y/ou medidas de acceso o curriculum (modificación de elementos non prescriptivos do curriculum: organización diferenciada de tempo e/ou espazos, modificación da metodoloxía a empregar ,instrumentos de avaliación...) a aqueles alumnos que o necesiten e, en todo caso, cando o resultado da avaliación anterior fose negativo, recollendo nun plan ou programa individual os contidos obxecto de reforzo e os instrumentos de avaliación que se van a empregar, así como os métodos e recursos complementarios que se utilicen de ser o caso.*
- *Reforzo educativo nas áreas instrumentais básicas no caso de alumnos con informe do DO e previo á AC, e atraso curricular considerable nas áreas instrumentais e competencias clave, con posibilidade de recibir apoio, partindo dun*

plan ou programa individualizado baseado nas necesidades detectadas e nas orientacións establecidas no informe.

- *Programas de recuperación* das materias non superadas do ciclo ou nivel anterior no caso de promoción por idade.
- *Programas de enriquecemento curricular*, no caso de alumnado avaliado como de altas capacidades.
- Apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria a alumnos con dificultades específicas e temporais segundo os criterios establecidos.
- Desdobles.
- *Programas de habilidades sociais* (propostos a través do PAT).

2.2. Extraordinarias

- *Adaptacións curriculares*. A proposta curricular é elaborada polo mestre ou mestra responsable, coa participación do profesorado de apoio cando sexa o caso e o asesoramento do departamento de orientación (DO). Solicítase a través da dirección do centro e a autoriza a inspección educativa correspondente.
- *Apoios de especialistas de PT/AL*. Inclúe as intervencións e a atención directa co alumnado de necesidade específica de apoio educativo, con informe dos servizos de orientación e por proposta da persoa responsable da orientación no centro. Son autorizadas pola dirección.
- *Flexibilización do período escolar* no caso de non acadar os obxectivos e desenvolvemento de competencias do nivel ou etapa e despois de ter esgotado medidas ordinarias.

Organizativas

- Apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria (educación primaria) a grupos con alumnos/as de nee.
- Apoios de especialistas de educación infantil:
 - Priorización aos grupos de tres anos durante o período de adaptación.
 - Posteriormente, a distribución dependerá das necesidades detectadas e do procedemento previsto.
- Elaboración de horarios priorizando a previsión e distribución de áreas e recursos no caso de alumnos con n.e.e.
- Reunións de coordinación e seguimento relativas ó alumnado con n.e.a.e.

Coa finalidade:

- Avaliación das medidas curriculares e organizativas adoptadas e o seu desenvolvemento.
- Organización da atención, materiais e recursos.
- Coordinación coas familias.

Cunha dispoñibilidade (previa convocatoria):

- * Sesións de coordinación de nivel / DO (semanais).
- * Horas complementarias (semanais).
- * Sesións do DO, (orientador/a e profesorado especialista/ mensual).

- Coordinación con outros centros (escolarización combinada).
- Reunións con servizos externos que atenden alumnos de nee., servizos sanitarios, atención temperá, outros.

Finalidade:

- Intercambio de información, orientacións e recursos (coa conformidade da familia).

Temporalización:

- Dependendo da dispoñibilidade: trimestrais.
- Reunións trimestrais do orientador cos servizos sociais municipais para o seguimento de casos atendidos por aqueles.
 - Información ás familias de alumnado proposto para medidas de atención á diversidade:
 - Inicial. Despois da avaliación inicial dáse conta das necesidades e as medidas propostas.
 - Trimestral (presencial e/ou documental). Resultado da avaliación da proposta curricular individualizada.
 - Final. Ao remate do curso ou das medidas de atención á diversidade.

3.- ACTUACIÓNS PARA A AVALIACIÓN, ORGANIZACIÓN E SEGUIMENTO DE NECESIDADES NO ÁMBITO DA DIVERSIDADE

1º paso: Avaliación inicial.

Constitúe o primeiro paso, previo á adopción de medidas de tipo organizativo e/ou curricular, tanto a nivel de grupo como individual, para alumnos que inician nivel/etapa ou de nova incorporación. Este proceso inclúe a información obtida na avaliación final do nivel anterior, a revisión de expedientes, actas, historial académico e persoal, informes psicopedagóxicos ou calquera outro que poida ter relevancia de cara a adecuar a resposta educativa.

É fundamental a actualización da información relativa á competencia curricular, estilo de aprendizaxe, adaptación escolar e relación social. A persoa titora ou, no seu caso, o profesor da área son os encargados de valorar se un alumno debe ser obxecto de medidas organizativas e/ou curriculares distintas das que lle poida proporcionar no marco da aula ordinaria. De non poder dar unha resposta educativa axeitada, debe dirixirse ó departamento de orientación (DO), que realizará as actuacións pertinentes para unha avaliación específica de cada caso.

2º paso: Organización dos apoios e establecemento de medidas curriculares.

Unha vez avaliadas e concretadas as necesidades do alumnado proposto, é responsabilidade da xefa do departamento de orientación, coordinar, en colaboración coas mestras de apoio e os titores, a organización do alumnado con n.e.a.e.

Todo o profesorado deberá ter en conta a atención á diversidade nas súas programacións, independentemente de que haxa casos atendidos por especialistas ou non. No caso de medidas ordinarias, sen apoios, é competencia dos titores ou mestres de área. Cando as necesidades detectadas excedan o ámbito titorial, seguirase o procedemento establecido, previo á aplicación de medidas extraordinarias.

3º paso: Información ás familias.

Unha vez decididas as medidas e actuacións previstas, **informarase individualmente ás familias dos alumnos da súa finalidade** e da metodoloxía de traballo que se vai seguir, incidindo no papel que, como pais ou titores legais, lles corresponde asumir en colaboración coa escola. Trátase de establecer un compromiso de todas as partes.

4º paso: Autorización.

As intervencións dos especialistas de PT e AL serán propostas polo xefe/a do DO e requiran a autorización da dirección do centro informados as/os nais/pais ou titores legais.

5º paso: Coordinación , seguimento e avaliación.

A eficacia das medidas adoptadas depende nun alto grao da comunicación, coordinación e avaliación de actuacións entre os diferentes profesionais.

O departamento de orientación, dentro da súa planificación anual, tratará de promover tempos para reunións de coordinación e seguimento nas que poidan participar especialistas, titores e calquera outro profesional que sexa requerido, para o seguimento do alumnado con n.e.a.e. a súa organización estaría supeditada á organización xeral do centro.

A avaliación continua implica non só verificar o nivel de adquisición de obxectivos; é o propio proceso (organización, medidas, metodoloxía) o que debe ser motivo de reflexión e análise.

4.- PROCEDIMIENTO PARA A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

A) Atención á diversidade no conxunto do alumnado

A aplicación de calquera medida ordinaria dentro do ámbito titorial é competencia do titor ou mestre de área e non requerirá autorización.

No caso de que o titor ou titora demande apoio, a petición irá dirixida á xefatura de estudos (XE), que poderá contar co criterio do orientador/a se o estimase conveniente. En principio, a maioría das propostas de apoio foron recomendadas no informe final do xefe/a do DO no curso anterior.

Esa previsión básica debe ser cotexada cos resultados da avaliación inicial para realizar a distribución dos recursos dispoñibles.

Sen prexuízo das competencias dos responsables correspondentes, desde orientación recoméndase:

- Reserva destes apoios preferentemente para o **desenvolvemento das competencias clave (comunicación lingüística e matemática) e contidos esenciais das áreas de lingua e matemáticas.**

- Carácter revisable en canto a duración ao comezo do trimestre seguinte, avaliando o aproveitamento dos mesmos e a consideración de novas demandas.

B) Atención ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo (n.e.a.e)

1. Todo o alumnado incluído na relación correspondente foi proposto polo departamento de orientación e dispón de informe emitido polo servizo de orientación do propio colexio ou do centro de procedencia, de ser o caso, dos servizos externos (EOE), de cara a unha valoración especializada, nos casos de necesidades permanentes e/ou de cara a actualizar a información, nestes casos mencionados ou para a solicitude de recursos extyraordinarios de difícil xeneralización.
2. Nos informes do servizo de orientación do centro deben constar as necesidades detectadas, as medidas e/ou actuacións propostas, recursos, tipo de apoio, e estimación semanal de tempos dos mesmos.
3. O alumnado diagnosticado de altas capacidades, poderá recibir medidas de enriquecemento curricular ou algún programa específico, entendidas como medidas de carácter ordinario.
4. Na elaboración da proposta contouse coa participación do profesorado especialista de PT/AL, informando e considerando a opinión de profesorado titor dese alumnado.
5. **O horario lectivo dispoñible** do profesorado especialista de AL **resulta insuficiente** nesta planificación inicial. Se non se cobren todos as necesidades previstas e recomendadas, aplicarase unha redución a case todos os alumnos na procura de non excluír ningún dos casos propostos; sendo prioritaria a atención ao alumnado con NEE. Non están garantidas as eventuais necesidades que se poidan presentar ao longo do curso.
6. Nos casos con maior necesidade e dependencia, está previsto o apoio doutro profesorado no grupo de aula ordinaria, e do persoal técnico educativo.
7. Esta proposta ten un **carácter flexible: reversible e revisable**, estará aberta a modificacións, a atención de novas prioridades e será responsabilidade da xefa/e do DO actualizala cando resulte necesario, oídos os especialistas e titores, co coñecemento da XE e autorización da dirección, se é o caso.

5.- CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

Baséanse no disposto no PXAD (D.229/11), aprobado en xuño do 2015, acordouse:

- Aplicar onde fose posible o principio de continuidade no nivel ou equivalente.
- Asignar tempos de xeito equitativo e proporcional segundo o previsto nos criterios establecidos no PXAD.
- Atender a todo o alumnado proposto, reducindo, se é necesario, tempos ao conxunto de alumnado, debido a aumento de sesións, por parte dos especialistas de PT e AL, cos alumnos con necesidades de tipo permanente NEE, posto que teñen unha demanda curricular cada vez máis diferenciada dos alumnos/as do seu grupo de referencia; e precisan, polo tanto unha resposta educativa máis específica e/ou diferenciada. **Este criterio é de aplicación na relación inicial de curso.** Os casos novos que se presenten serán atendidos segundo as posibilidades do momento. O/a orientador/a avaliará necesidades e a dispoñibilidade de profesorado especialista ou a inclusión nalgún grupo, antes de propoñer a medida extraordinaria. No suposto de imposibilidade, aplicaríanse o resto de medidas posibles, permanecendo en expectativa desa atención especializada.

Con todo, os criterios para a organización e distribución dos recursos persoais do centro serán os seguintes en función do tipo de apoio correspondente:

A) Apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria

A asignación é responsabilidade do XE que poderá contar co asesoramento do xefe/a do departamento de orientación.

En Educación Infantil:

- Prioridade durante o período de adaptación do alumnado do 4º nivel.
- Asignación equilibrada nos casos de necesidades educativas debidamente valoradas ou xustificadas.

En Educación Primaria:

- En xeral, deben realizarse dentro da aula ordinaria.
- Apoio a grupos con alumnado de n.e.a.e. nos que os apoios extraordinarios non son suficientes.
- Asignados os anteriores, priorízanse partindo do nivel inferior (1º EP).

- Son revisables trimestralmente.

B) Apoios do profesorado especialista de audición e linguaxe (AL).

Son propostos polo xefe/a do DO e autorízaos a dirección do centro. A atención diríxese preferentemente ós seguintes grupos:

- Alumnado con nee. de carácter permanente, derivadas de discapacidade.
- Alumnado que presenta necesidades relacionadas coa linguaxe (dificultades psicolingüísticas, trastornos da linguaxe expresiva, mixta da linguaxe receptivo-expresivo, fonolóxicos e da comunicación non especificados).
- No caso do alumnado que precisa intervención por dificultades articulatorias: fomentar o bo uso da linguaxe dende as aulas e o fogar e priorizar casos graves (os que o levan á escrita): A partir do primeiro nivel de educación primaria nos casos avaliados do curso anterior. Os novos casos que se poidan diagnosticar durante o curso, incluído alumnado de educación infantil de 5 anos, pasaría a unha lista de espera ata que haxa dispoñibilidade horaria da especialista.

C) Apoios do profesorado especialista en pedagogía terapéutica (PT).

Son propostos polo xefe do DO e autorízaos a dirección do centro. A atención diríxese preferentemente ós seguintes grupos:

- Alumnado con *necesidade educativas especiais* (nee) permanentes, derivadas de discapacidade.
- Alumnado con ACS (aprobada pola inspección)
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe /alumnado con especiais condicións persoais ou de historia escolar.
- Alumnado de incorporación tardía ó sistema educativo

*Os supostos de NEE e ACS, inclúen tanto alumnos de primaria como de educación infantil.

D) Persoal auxiliar técnico educativo (coidadoras)

Atenden exclusivamente ao alumnado con necesidades educativas especiais (nee), segundo o disposto nos informes correspondentes, cubrindo as necesidades relativas a autonomía persoal, aseo, vixilancia, desprazamentos, principalmente.

E) Programa PROA+

Programa englobado dentro do Plan Recupera da Consellería de Educación. Atende ó alumnado seleccionado por parte do DO e os titores do segundo e terceiro ciclo.

6.- DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO CON N.E.A.E. PARA A ATENCIÓN DAS ESPECIALISTAS DE *PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (PT) E AUDICIÓN E LINGUAXE (AL)*

A proposta inicial da xefatura do departamento de orientación constrúese tendo en conta o número total de horas lectivas dispoñibles de cada especialista e o tipo de apoio (individual ou compartido). Todos os especialistas do departamento contan con horario completo e as dúas sesións correspondentes por coordinador de ciclo ou dinamizador de equipo.

7.- SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MEMORIA

Como prevé o Decreto 229/2011 e a Orde 8 de setembro do 2021 ao comezo de cada curso escolar, o departamento de orientación elaborará a proposta de concreción anual final de cada curso a correspondente memoria, establecendo propostas de mellora no caso de habelas.

Será o departamento de orientación o encargado do seguinte:

- Seguimento do desenvolvemento da concreción do PXAD en reunión do departamento de orientación, durante o segundo trimestre do curso.
- Avaliación do mesmo en sesión do departamento no último trimestre, previa á elaboración da memoria, na que se recollerán as principais conclusións e propostas de mellora, se as houbese.

Os criterios de avaliación farán referencia, como mínimo, ós seguintes aspectos:

- Adecuación das medidas organizativas e curriculares empregadas ás necesidades de cada caso.
- Coordinación e seguimento suficientes entre os profesionais que atenden alumnado con n.e.a.e.
- Grao de información ás familias relativa ás actuacións e medidas propostas.

